

6 *Article*

Leopoldo Pedreira Taibo, intuición historiográfica e virulencia crítica

Lorena Domínguez Mallo¹
Universidade de Santiago de Compostela

Keywords

Leopoldo Pedreira Taibo
Antonio Sánchez Moguel
Manuel Murguía
Anti-regionalism
Canon

Palabras clave

Leopoldo Pedreira Taibo
Antonio Sánchez Moguel
Manuel Murguía
Anti-rexionalismo
Canon

Abstract

Taking Leopoldo Pedreira Taibo's book *El regionalismo en Galicia (estudio crítico)* as its focus, this article investigates the cultural processes whereby this author has been traditionally left out of canonical literary history in Galicia. My analysis focuses on the history of this publication, its style and content and on the various theories that help us understand its reception in the late nineteenth century. The article's objective, therefore, is to add greater nuance to literary historiography in Galicia by revisiting the work of Leopoldo Pedreira Taibo as one of its seldom mentioned agents, a literary historian ahead of its time, whose vision and methodologies, had they been given continuity, would have changed the contours of Galician literary historiography in the twentieth century.

Resumo

Tomando como punto de partida *El regionalismo en Galicia (estudio crítico)* de Leopoldo Pedreira Taibo, publicado en 1894, este artigo indaga no proceso de edición cultural que deixou fóra ao seu autor dos nomes canónicos da historiografía literaria galega do seu tempo. A análise lévase a cabo en varios apartados: publicación e circulación da obra, contido e estilo, achegas teóricas fundamentais e recepción coetánea da mesma. Procúrase completar un pouco máis así o retrato da historiografía cultural galega do momento cun fío solto, Pedreira Taibo, que se nos revela como un crítico literario a contracorrente e un historiador adiantado ao seu tempo en métodos e conceptos que, de teren tido continuidade, seguramente mudarían de xeito substancial a historiografía literaria en Galicia.

¹

A autora elaborou este artigo ao abeiro do proxecto de Formación de Profesorado Universitario (FPU) do Ministerio de Ciencia e Innovación español.

*Leopoldo Pedreira Taibo,
intuición historiográfica e
virulencia crítica*

Lorena Domínguez Mallo

2

Arturo Casas. 'Ricardo Carvalho Calero, historiador da literatura'. Relatorio inédito presentado na semana das Letras Galegas, maio de 2010, *Homenagem a Ricardo Carvalho Calero no centenário do seu nascimento*. Organizada por: Assembleia de Filologia, Gentalha do Pichel, Fundação Artábria, Universidade de Santiago de Compostela e grupo de traballo para a homenaxe de Carvalho Calero no centenario do seu nacemento.

“

Hoxe en día non é estraño que persoas que investigan a literatura ou a cultura propoñan recuperar autoras e autores que, por unha razón ou por outra, non forman parte do canon vixente. A historia efectiva defendida por autores como Paul Ricoeur (especialmente en *Temps et récit*, 1983) ou Mario Valdés, por exemplo, favorece particularmente este tipo de recuperacións en tanto en canto postula a necesidade de pensar a historia como un proceso aberto de traballo (Valdés 2005: 129). Esta diferenza de formulación implica que se permita e mesmo se promova o estudo de momentos, correntes, grupos,

institucións ou axentes que por algunha circunstancia se considera que non recibiron a atención que requirían. Os 'buracos negros' da tradición convértense así en centros de interese deste tipo de práctica historiográfica e examínanse áreas de actividade cultural tradicionalmente desfavorecidas ou directamente ignoradas. En relación con esta liña de traballo, expoñía Arturo Casas, o imperativo metodolóxico da historia cultural é dar conta non só das opcións preponderantes e canonizadas senón tamén das alternativas que houber no campo. E citaba tamén o que Żyłko constataba no pensamento do último Iuri Lotman ao respecto: 'la tarea principal de los historiadores es exponer el pasado en su total complejidad. Deberían interesarse no sólo en las soluciones históricas realizadas, sino tener en cuenta las posibilidades 'cortadas' no realizadas' (Żyłko 2006, citado en Casas 2010: 38).

Parece viable e necesario extrapolar esta metodoloxía, que se vén postulando para o estudo da literatura e do canon, ao estudo e revisión da tradición historiográfica, dado que nela tamén hai baleiros e nomes esquecidos. Habitados ás cartografías do existente, deberíamos exercitar as outras, as que amosan todos os camiños que non seguiron sendo percorridos. Considérese a relevancia que ten o feito de analizar neste caso non un autor ou autora, logo do procedemento de 'edición cultural' (Lefevere 1997) que poida ter padecido, senón produtores e produtoras de discurso. Se cada escritora e cada escritor poden ser a causa de reformular un eixe de valor, cada historiador/a ou crítico/a poden reconfigurar o xeito de produción discursiva do seu tempo. A marxe de intervención é maior e, xa que logo, as consecuencias da marxinação e esquecemento tamén o son.

Se falamos da tradición historiográfica da literatura galega, por exemplo, automaticamente pensamos en certos autores e obras fundamentais, aqueles que se erixiron en referentes da codificación desa tradición. Pode que cavilemos en referentes positivos ou negativos, en Ricardo Carvalho Calero, pero tamén en Uxío Carré Aldao, ou mesmo, se focalizamos os detractores da literatura galega, en Emilia Pardo Bazán. En relación con isto, non parece fóra de lugar comentar que nunha conferencia impartida en 2010 por Arturo Casas sobre o papel de Carvalho Calero como historiador da literatura, mencionáronse críticos que este consideraba de referencia absoluta, entre os cales figuraba a propia Emilia Pardo Bazán.² En calquera caso, é bastante improbable que nun exercicio espontáneo de cita de autores de referencia, e á marxe da súa contribución propiciatoria ou desfavorecedora de cara á construción dunha literatura propia e diferencial, pensemos en Leopoldo Pedreira, un nome que parece borrado dunha tradición historiográfica na que puido deixar unha pegada fonda e indeleble, pegada que, non obstante, non se produciu. Podería pensarse que esa omisión nun momento de cita espontánea non é demasiado relevante, pero son precisamente estas operacións aparentemente banais de citar un ou dous

Leopoldo Pedreira Taibo,
intuición historiográfica e
virulencia crítica

Lorena Domínguez Mallo

3

Entre estes traballos conxuntos podemos anotar por exemplo: *La enseñanza de la Geografía. Lo que es y lo que debe ser en España*, conferencia lida en Madrid por Rafael Álvarez Sereix e publicada no *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, tomo XLV, 1903; *Ensayo de Antología Geográfica*, Editor Ricardo Rojas, Madrid, 1910; e *Atractividad geográfica*, outra conferencia a catro mans, na Real Sociedad Geográfica de Madrid (1913). Como traballos da autoría exclusiva de Pedreira citamos tamén *Lo que es Bilbao y lo que podrá ser a finales de siglo* (Bilbao, 1902), *Rudimentos de Geografía. Primera parte. Preliminares y Europa* (A Coruña 1911) ou *Descripción de España. Nociones elementales de Geografía nacional* (C. 1915), entre outros. (Couceiro Freijomil 1951-1953. Vol. III: 54-55).

nomes representativos dun determinado campo de estudo as fiestras abertas aos procesos de elaboración e transmisión da cultura e das ideas.

O sentido deste traballo é lembrar cal foi a contribución de Leopoldo Pedreira á historiografía da literatura galega a partir da análise do, como veremos, controvertido libro *El regionalismo en Galicia* (1894), pero tamén indagar nas causas da súa exclusión da tradición historiográfico-literaria galega, é dicir, nas razóns polas que hoxe o seu nome non está entre os das figuras que citariamos cando falamos de historiografía literaria en Galicia. A análise artellarase en catro apartados principais: publicación e circulación da obra, contido e estilo, achegas teóricas fundamentais e recepción coetánea.

‘El regionalismo en Galicia (estudio crítico)’: publicación e circulación

El regionalismo en Galicia comprendía inicialmente unha serie de artigos homónimos publicados na *Revista Contemporánea*, que xuntamente coa *Revista de España* eran dúas publicacións de gran difusión no Madrid da época, cunha nómina de colaboradores que incluía políticos, literatos, enxeñeiros e personalidades varias. No que atinxe á *Revista Contemporánea*, o seu redactor xefe era Rafael Álvarez Sereix, Presidente Honorario da Sociedade Xeográfica e autor con quen Pedreira coasinaría importantes traballos sobre xeografía anos máis tarde.³ Esa era, de feito, a especialidade de Pedreira, quen exerceu como profesor de Xeografía, en Canarias desde 1895, Baeza a partir do 1898, Cuenca entre 1899 e 1906, e na Coruña, desde o 1907 onde cesa por falecemento (Pasamar Alzuria & Peiró Martín 2002). Abondaría talvez con aclarar aquí que no paso da prensa ao libro conxunto, Leopoldo Pedreira inclúe a referencia ás críticas negativas que a súa serie de artigos fora recibindo, para que reparásemos en que non estamos a falar dun autor calquera, nin dun libro que pasara desapercibido.

Os artigos publicáronse quincenalmente entre o 30 de xullo de 1892 e o 30 de outubro do mesmo ano, logo houbo unha interrupción ata decembro. Os seguintes dous artigos só saíron en setembro e outubro de 1893, despois dunha ampla paréntese que o autor atribuíu á falta de datos. Previamente a esta paréntese, a sección pedreirana converteuse nun espazo habitual da revista. A publicación conxunta de todos eses artigos en libro chegou en 1894 precedida das críticas que foran recensionándoos na prensa. As críticas negativas non fixeron cambiar de idea a Pedreira sobre a compilación senón todo o contrario, a xulgar polo feito de que incluíse unha nota no propio libro dando conta daquelas que consideraba de maior entidade, se ben argumentaba que estas proviñan de xentes de pouca ilustración ás que citaba como curiosidade bibliográfica. Fosen estas críticas unha curiosidade bibliográfica ou non a criterio de Pedreira, este aseguraba así a retroalimentación, pois amosaba que lera as críticas recibidas e ousaba guiar os lectores e lectoras para que puidesen atopalas. A prensa era neses momentos ante todo un medio para a polémica e a intervención social. Así o evidencian unhas palabras do propio Pedreira en relación coas temáticas que deberían quedar fóra da creación poética:

la lucha por el gobierno tiene poco de poética, y puede llevarse á cabo tranquilamente en los comicios, en la tribuna y, sobre todo, en el periódico, sin necesidad de deslucir las colecciones de poesías, ni de malgastar inspiraciones dignas de mejor causa (Pedreira 1894: 167-8).

Ese ‘sobre todo, en el periódico’ dá a medida do relevante que era a prensa na creación de opinión social xa neses momentos. Os artigos de Pedreira agrupados baixo o título de ‘El regionalismo gallego’ formaban parte dese contexto de debate. O autor decidiu compilalos todos, agás o décimo, que era unha especie de elexía traxicómica sobre a dexeneración do rexionalismo, e que no libro foi substituída por unha xénese da propia obra. Pedreira aproveitou as acusacións de que o seu libro era froito da mente do historiador español Antonio Sánchez Moguel ou de Emilia Pardo Bazán para explicar a cartografía das súas ideas, así como para autoeloxiarse en tanto en canto unha obra súa podía ser confundida con outra de tan recoñecidas figuras. A comparación daba conta tamén do contexto de produción e difusión da súa obra, así como do seu ámbito de relacións. O discurso pedreirano era acusado de ser obra da elite coetánea no que se refería ás polémicas rexionalistas e antirrexionalistas, unha cuestión de primeira liña naquel momento (El Bachiller Sásk 1893: 1). Non quedaban lonxe o discurso de ingreso na Real Academia da Historia de Sánchez Moguel (8 de decembro de 1888) e a resposta que ao ano seguinte publicou Murguía (1889). O cometido do discurso de Moguel era, nas súas propias palabras, expoñer: ‘las razones históricas en que pretenden fundarse los regionalismos catalán y gallego’ (Sánchez Moguel 1888: 8). No seo da súa argumentación atacábanse moitos dos principios e ideas sustentadas por Manuel Murguía, en canto que cabeza visible do rexionalismo galego. Atacábaselle tamén directamente polo feito de encabezar tal movemento desde a súa condición de foráneo, argumento que retomaría Leopoldo Pedreira no libro que analizamos. A resposta non se fixo esperar. Murguía publicou en 1889 un libríño titulado ‘El regionalismo gallego’, que desde a portada anunciaba ser o compendio dunhas ‘ligeras observaciones’ ao discurso de Moguel. Saíu a finais de ano se nos guiamos pola data do prólogo que o abre, asinado por W. A. Insua a 17 de outubro. Esas ‘lixerías observacións’ excedían mesmo en lonxitude o discurso precedente, e partían da afirmación murguiana de que non merecía unha resposta pero que, de non dála, podería parecer que non era capaz de formulala. Por outra banda, Murguía anunciaba que ese era o xermolo dun libro que algún día publicaría baixo o título de *La provincia gallega*. Aínda que non dispoñemos de espazo para estudar aquí máis participacións nesta polémica, anotamos, para quen queira profundar ao respecto, que Varela Jácome achegaba un nome máis á mesma: ‘En 1887 las manifestaciones de los escritores regionalistas gallegos dieron lugar a una encendida polémica. Manuel Murguía contesta a Juan Valera, en defensa de la lengua y la literatura gallegas, y al discurso de ingreso en la Academia de la Historia de Sánchez Moguel, en *El Regionalismo gallego*’ (1957: 404).

Contido e estilo

O comezo do libro é unha teoría sobre o rexionalismo, as súas causas, a explicación de por qué non ten sentido que haxa tal en España e unha enumeración tanto dos seus aspectos positivos como dos negativos. Esta teorización e argumentación iniciais teñen cabida no seo dun capítulo de estrutura circular que comeza e remata por remisión a unha cita de Miguel Morayta na que se di que non hai nada máis fermoso que o amor á propia terra sempre que este non se utilice para sementar odios. Ese elemento paratextual enmarca directamente o discurso no ámbito ideolóxico do antirrexionalismo, e a condición pechada e circular do capítulo reforza a argumentación

pola cohesión que demostra. Por outra banda, tamén dá forza á capacidade argumentativa de Pedreira a súa exposición sistematizada de razóns a favor e en contra daquilo que el afirma, ese compromiso á hora de anotar os aspectos positivos mesmo de algo que, para el, é un absurdo. Este procedemento expositivo consegue dar unha aparencia de maior obxectividade e, ao mesmo tempo, dificulta a posibilidade de intentar rebater os seus argumentos mediante o eloxio de cuestións que el non cita. Non ten reparo, xa que logo, nesta liña inusual de argumentar a favor e en contra, en discrepar do seu mestre Sánchez Moguel cando afirma con convicción: 'yo creo que la necesidad de la organización regional se impone como bastaría á demostrarlo la existencia de tres tendencias que convergen en solicitar esa organización: fuerismo, federalismo y regionalismo' (Pedreira 1894: 283).

Nos *Datos biográficos*, escritos polos alumnos de Pedreira para honrar a memoria do mestre, infórmanos da gran polémica xerada polo libro. Dise, textualmente: 'dió lugar a muchas réplicas y controversias; levantando de una parte, una tempestad de aplausos, y, de otra, las más acres censuras y los epítetos más desaforados' (VV.AA. 1915: 17). Non podía ser doutra maneira tendo en conta a sátira desapiadada que fai Pedreira de integrantes do canon literario galego como Francisco Añón ou Eduardo Pondal (Pedreira 1894: 231). De feito, nisto contrasta con Murguía, quen ao comezo do seu *Diccionario de Escritores Gallegos* (1862) dicía que era inútil opoñerse a erros cegamente admitidos. O esquecemento en que Pedreira está sumido a día de hoxe pode significar que non lle faltaba razón a Murguía no que dicía, aínda que sobre as razóns deste 'olvido' se falará máis adiante. Non obstante, o que Pedreira afirmaba no seu libro era o seguinte:

Valor y valor á toda prueba, se necesita para dedicarse á la crítica leal y honrada, cuando hay tanto juicio que rectificar, tanto error que deshacer, tanto ídolo que destronar y tanto aleroso carro de la fama corriendo á todo ruedo por esos mundos y amenazando con arrollar á quien se atreva a detener su marcha triunfadora. (Pedreira 1894: 238).

Velaí dúas actitudes cara ao canon e cara a unha tradición literaria, dous xeitos de proceder desde dúas ideoloxías, rexionalista e antirrexionalista. Cómpre matizar, talvez, que o antirrexionalismo de Pedreira se centra fundamentalmente no eido político, pois os seus esforzos en aras da súa declarada responsabilidade crítica implican, ao meu ver, un certo respecto pola cultura e a literatura galegas. Estamos a finais do século XIX, momento no que o rexionalismo pretende crear unhas bases para a súa doutrina, entre as cales a literatura era un pilar fundamental, e nesta liña, sabemos que a forza dunha literatura como elemento de cohesión social radica, como a de calquera outro elemento de unión, no recoñecemento de certos referentes básicos. Podemos pensar, como exemplo un tanto manido, na tríada do Rexurdimento, Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Naquel momento, no que esta literatura estaba aínda botando a andar, cumpría reforzar máis ca nunca un canon que servise como eixe para a tradición futura. En palabras de Figueroa, ese campo social da segunda metade do XIX e comezos do XX posuía 'un poder de mitificación sorprendente pola súa rapidez e pola súa forza nos casos, por exemplo, de Rosalía, Curros e Pondal, convertidos en emblemas', quereuse dicir, en paires que sustentaban a incipiente creación do campo (2010: 59). Non interesaba, polo tanto, unha voz que xerese debate en torno ao canon. Non obstante, o discurso pedreirano, a pesar do seu antirrexionalismo declarado, non supuña unha

*Leopoldo Pedreira Taibo,
intuición historiográfica e
virulencia crítica*

Lorena Domínguez Mallo

4

A propósito da valoración
que Pardo Bazán fai de Rosalía
de Castro é moi elucidativo Elias
Torres (2002).

verdadeira desactivación do canon, senón unha expurgación do mesmo. Poderíamos concluír, a partir disto, que o seu antirrexionalismo é de índole marcadamente política e tamén que, se ben descoñecemos a intención profunda de Pedreira ao escribir estas páxinas, non parece que poida simplificarse a cuestión ata o punto de equiparar antirrexionalismo e neutralización do canon. Ao longo do libro non hai só ataques de índole política senón tamén avaliacións literarias non sustentadas nin única nin principalmente nese eido. Pedreira autoimponse un exercicio crítico ‘responsable’, no sentido de que non dubida en afirmar a valía de autores e autoras que son iconas do rexionalismo, como Rosalía de Castro, Curros ou Aureliano J. Pereira. Vexamos o que di a propósito deste último:

Pereira tiene talento, instrucción, ingenio, sinceridad y nobleza. Tendremos verdadera satisfacción en contender con él, bien convencidos de que, cualesquiera que sean las ideas que nos separen, siempre coincidiremos en un punto que une á todos los hombres de honor: procurar la investigación de la verdad y el bien de los hombres, último fin de los esfuerzos del escritor y del artista (Pedreira 1894: 198).

Pero este tipo de apuntamentos e mesmo a declaración de ser ‘imparcial y justo’ (Pedreira 1894: 231), ou de dedicarse ‘a la crítica leal y honrada’ (Pedreira 1894: 238), non suporían en si mesmos razón abonda para sustentar a hipótese proposta, isto é, a posibilidade truncada de que o seu autor fíxese ‘avanzar’ exponencialmente a historiografía e a crítica literarias no seu tempo. O verdadeiramente decisivo á hora de facer esta valoración é a súa achega metodolóxica aos estudos literarios cando o seu obxecto de estudo, a literatura galega, é unha parte do movemento que ataca. Atopamos afirmacións do tipo:

¿Cuál es el valor y significación de esta poesía popular? Hénos aquí en presencia de una cuestión tan debatida como mal planteada. Las ideas políticas por una parte; el afán de innovación por otra; la extravagancia, la pseudo-filosofía; mil causas, en suma, han contribuído á hacer ininteligibles y empalagosos los problemas recentísimos de la división de la literatura en culta y popular, y de la excelencia de una sobre la otra. (Pedreira 1894: 81).

Obsérvese a contradición que suporía concluír que o autor procura a desactivación do canon cando alén da súa ideoloxía intenta intervir sobre os métodos de crítica e estudo con reflexións e achegas que poderían ser útiles tamén aos seus contendentes. Volveremos sobre isto.

Hoxe parece moito máis evidente que as derivas desactivadoras do canon eran outras; por exemplo, por máis que Pardo Bazán exaltase a valía de Rosalía de Castro, a preeminencia que lle daba aos *Cantares* e que creou escola era en si mesma un elemento de desactivación moito máis poderoso que as críticas de Pedreira, porque no menosprezo de *Follas Novas* subxacía a imposibilitación da literatura galega para o universal e imperecedeiro.⁴ O alto capital simbólico de Pardo Bazán no campo cultural español, que lle daba unha certa autoridade no debate rexionalista e antirrexionalista importada desoutro espazo, ou a publicación de traballos de persoeiros da cultura galega en revistas madrileñas son claros indicios da situación dependente do espazo cultural galego na altura. Estas cuestións non deben

pasarnos desapercibidas á hora de ler, interpretar e valorar achegas como a de Pedreira, que a pesar do seu carácter antirrexionalista, contiña novas propostas á hora de traballar que non foron adoptadas por ninguén, precisamente polo carácter marcado do autor neste contexto ideolóxico. Non pode obviarse o feito de que existían dúas faccións na pugna da construción nacional: rexionalistas e antirrexionalistas, e que Pedreira pretendía participar na elaboración do discurso canonizador literario que estaba en mans dos rexionalistas aínda formando parte da tendencia contraria. Ese paradoxo que supuxo a súa condición de antirrexionalista interesado na literatura galega deixábao fóra das canles canonizadoras da historiografía do momento, pola súa heterodoxia en ambos bandos.

O elemento discursivo predominante en *El regionalismo en Galicia* é a sátira. Xa que logo, o texto queda máis próximo á crítica do que á historia literaria, mantendo o marco historiográfico. De feito, os propios alumnos de Pedreira falan del como dun crítico e el mesmo reflexiona sobre o papel que desenvolve nese eido, como cando afirma que a súa misión é discernir o individual do xenérico e tópico (1894: 222). Non obstante, esa adscrición de feito e de palabra non abonda, pois aínda que actúa, ante todo, como crítico literario, a súa obra presenta derivas historiográficas difíciles de obviar. Identifícanse certos elementos textuais propios do discurso historiográfico: as habituais sinécdoques ('lingua de Rosalía', 139; 'lingua de Macías', 124; que serven para naturalizar a relación lingua-autores, canon-tradición literaria); a importación de capital simbólico ('Es Ballesteros el Cervantes del Renacimiento Gallego', 127); ou tamén a comparación dos propios autores canonizados entre si. Incorpora, así mesmo, referencias inexcusables da época: o 'tópico da infertilidade' derivado do verso de Lope, 'Galicia, nunca fértil en poetas'; e o 'tópico da non imposición', que nega que a lingua castelá fose imposta en ningún momento e considera que se fixo predominante dun xeito natural. Logo presenta outros trazos que son claramente atribuíbles ao discurso historiográfico ou crítico pero que xa non son tan comúns ou nada comúns: indagar nas causas do éxito de determinados autores ou no xeito en que están a ser canonizados; incidir na recepción das obras, número de edicións e premios recibidos; incluír a referencia a críticas negativas que foron saíndo a respecto da súa propia obra; crear referentes positivos e negativos internos á propia tradición. Este último punto parece necesario contraponélo á metodoloxía da condesa de Pardo Bazán (1888), polo que amosa de especificidade no traballo pedreirano de expurgación e non neutralización do canon. Pardo Bazán caracterizouse por inverter o valor afirmativo dos referentes positivos, como Macías, na historia da literatura galega. Ela tomaba un referente admitido como positivo con carácter xeral e reinterpretaba o seu éxito como síntoma dunha carencia ou dunha debilidade de quen o colocaba nun lugar de mérito. Así, Macías sería un símbolo para os galegos e galegas en tanto en canto estes e estas recoñecesen no seu final trágico o que lle esperaba á propia Galicia. Leopoldo Pedreira, en cambio, o que fixo foi identificar unha serie de individuos enxalzados pola tradición que el relacionaba cunha literatura pésima, como o cura de Fruíme ou Añón, e no polo oposto colocaba outras figuras que valoraba moi positivamente, como Rosalía de Castro. Non se trataba de utilizar os referentes invertindo o seu valor, senón de erixilos en lugares dunha cartografía cos seus puntos fortes e débiles, pero unha cartografía, e esa é a cuestión, que podía funcionar autonomamente, aínda que non sempre o fixese

Ata aquí expuxéronse trazos do discurso historiográfico no que se fundamenta o texto, pero cómpre ver tamén de qué xeito Pedreira se serve

dun estilo discursivo propio moi diferente do de todas as outras obras historiográficas próximas a el no tempo para así agudizar a súa crítica e amenizar o seu discurso. Ter un estilo marcado, unha serie de estratexias retóricas específicas é relevante para obter máis ou menos capacidade de influencia no lectorado, e así: 1) o ton da obra pode constituír un elemento de desautorización do propio discurso, aínda que esa non fora a intención, e por tanto non podemos obviar; e 2) o estilo pode condicionar tamén a propia técnica historiográfica na medida en que, por exemplo, obrigue a buscar elementos ao servizo da sátira que se realiza. Hayden White afirmou, ao tratar dos clásicos historiográficos, que deben estudarse os elementos literarios do seu estilo como 'cruciais, e non soamente subsidiarios, na súa técnica historiográfica' (2003: 136, a tradución é miña).

Entre os elementos do estilo literario de Pedreira chaman a atención os vocativos ('lector querido', 139), o metadiscurso ('Historiemos', 139), a intertextualidade con obras literarias, os alcumes, os neoloxismos ('historicidios', 76, 'bardomanía', 218), a incorporación de ideas que non teñen nada que ver coa materia pero que parecen xurdidas ao fío da escrita, a contraposición, o diálogo e mesmo a autodenominación de 'traxicomedia do rexionalismo' (268). Todos estes recursos converten o texto en algo lúdico e poden agudizar a crítica exposta. Nesta liña explícase a súa maneira satírica e intertextual de verbalizar o obxectivo que perseguía cos seus escritos sobre o rexionalismo: 'El sano deseo de acabar con las caballerías regionalistas que traen trastornados muchos cerebros' (Pedreira 1894: 15).

Non obstante, alén dos trazos característicos do seu discurso historiográfico e da orixinalidade do seu estilo, as achegas máis potentes do libro de Pedreira son as reflexións teóricas e os apuntamentos metodolóxicos inscritos na mesma, unhas reflexións que ían por diante dos seus coteráneos e só próximas a historiadores da altura de Taine (1828-1893). Ten o mérito de explicar a importancia da literatura popular como elemento que se argüía para sustentar unha continuidade entre a literatura medieval e a decimonónica nun momento no que poucas persoas se interesaban por esa materia (de feito, esta conexión entre o medieval e o decimonónico non terá a importancia historiográfica que evidentente require se falamos de 'construír' identidade, ata tempo despois cando os cancioneros sexan ben difundidos). Tamén reflexiona sobre o que é propiamente esta poesía popular (unha temática da que nese mesmo ano saíría un estudo monográfico de Manuel Núñez González), o humorismo, os temas que se poden tratar na poesía, as utilidades da poesía para diferentes disciplinas, a noción de clásico, as causas do xurdimento dun movemento literario, a misión do historiador e mesmo o que un século despois del chamamos horizonte de expectativas. Centraremos a nosa análise nalgúns destas contribucións.

Achegas teóricas fundamentais ao método de traballo historiográfico

Pedreira enuncia dun xeito moi simple cal é o cometido do historiador e do crítico, que considera común a ambos: 'La misión del historiador y la del crítico es señalar lo típico y genérico en cada caso y evitar que se confunda con lo mudable e individual' (Pedreira 1894: 222). Non obstante, esta idea aparentemente simple ten unha aplicación complexa, pois tamén foi Pedreira quen dixo que todo movemento literario nacía, ben por necesidade do pobo, ben por reversión a un momento anterior, e que había movementos que non podían explicarse circunscibíndose só á historia literaria.

Se continuamos esmiuzando os alicerces teórico-historiográficos da súa obra, cómpre anotar tamén que se desmarca no que atinxe á teorización sobre o que é poesía popular das teses que o relacionan cunha cuestión de autoría, e afirma que esa condición devén doutros trazos:

Conste, pues, que la índole de la poesía popular no pende de la calidad del autor, sino de los sentimientos que en ella se expresan, que han de referirse á LO GENÉRICO EN EL ESPÍRITU HUMANO, y han de estar revestidos con forma sencilla, clara y concisa que ayude al entendimiento y á la memoria (Pedreira 1894: 86).

O autor fai, polo tanto, unha serie de observacións relacionadas co definatorio desta clase de poesía, coas súas utilidades non exclusivamente literarias e coa pertinencia do seu estudo que exceden con moito unha mera intención descritiva do rexionalismo e acadan o valor de pensamento teórico sobre a cuestión.

Máis claramente aínda acadan a condición de reflexión historiográfica os apartados nos que se propón o método bio-bibliográfico de exposición nos traballos sobre literaturas rexionais:

Para conocer estos monumentos literarios, que es en suma lo único que quedará en pie de los actuales regionalismos y también la única manifestación concreta que en la actualidad nos ofrecen, creemos que se debe seguir un método biográfico-bibliográfico, por ser punto menos que imposible establecer géneros y hacer exactas clasificaciones cuando se estudian por primera vez objetos tan complejos como son las creaciones artísticas (Pedreira 1894: 77).

Neste fragmento percíbese claramente, tanto a ideoloxía anti-rrexionalista de Pedreira, como a súa preocupación metodolóxica á hora de desenvolver a actividade historiográfica e crítica. A súa observación das dificultades de introducir clasificacións rigorosas nun ermo discursivo denota a súa plena conciencia á hora de traballar nun campo desatendido. A súa oposición manifesta ás ideas políticas rexionalistas non coarta a súa vontade de proceder con rigor no ámbito de estudo escollido, mesmo se ese rigor para el ten cabida no método biográfico que, como é sabido, facilita unha perspectiva ahistórica do feito cultural e a súa conseguinte despolitización.

No que atinxe á noción de horizonte de expectativas (Jauss 1967), tan presuntamente moderna, a idea subxacente a esa noción vén de moito atrás e está bosquexada en Pedreira. E antes ca en Pedreira, en H. Taine (1963), pero iso non merma a relevancia de termos na nosa historiografía un autor que se movía en coordenadas historiográficas tan innovadoras, que cando falaba do xeito de avaliar *El Maestre de Santiago* afirmaba que só podía facerse tendo en conta unha serie de cuestións entre as que anota a época, a xuventude do autor, os gustos do momento, a influencia de determinados escritores, etc. Polo seu indubidable interese reproducécese o fragmento no que fala destas cuestións, a pesar da súa extensión:

El examen de *El Maestre de Santiago* es algo más difícil que un trabajo de crítica retrospectiva, es una exhumación; hay que desenterrar la época en que fue escrito, la juventud del autor, los gustos que dominaban entonces y la influencia que ejercían determinados autores,

aún no olvidados hoy, pero ya pasados de moda. De no proceder así en el juicio de este poema, es imposible comprenderlo, porque en las primeras obras de los artistas aparece siempre —por muy superiores que ellos sean— el sello de la imitación, pero imitación entusiasta y exagerada que abulta extraordinariamente las cualidades características que distinguen la factura del modelo imitado.

Es preciso, pues, retrotraernos á la época en que se leían á todo pasto los novelones de Sué, las obras de Hugo, tan sublimes como monstruosas, y los libros de Dumas, tan largos como innumerables, y se aplaudía el Tenorio, tan popular como desatinado, y surgían poetas más ó menos melencólicos, más ó menos pálidos, pero siempre téticos, trágicos, fúnebres, lúgubres, eróticos, hórridos, exóticos... románticos. Entonces era cosa natural y comunísima un poema de ciento setenta páginas en cuarto, espeluznante narración de inauditos crímenes y portentosos milagros, mezcla de todo lo divino y todo lo humano, abigarrado conjunto de hechos y personajes, en el que desfilaban ‘desde la altiva princesa á la que pesca en ruín barca’, reyes, favoritos, caballeros, bandidos, monjes, gitanos, traidores, héroes, niños robados, amantes envenenados, doncellas seducidas, tragos, fantasmas, buhos espantosos, lechuzas agoreras, árboles misteriosos y mil y una zarandajas agrupadas sobre la consabida decoración de castillo solitario, selva umbría ó bosque tenebroso. (Leopoldo Pedreira, 1894: 143-4).

Con respecto á expurgación do canon, os procedementos que segue Pedreira son os de explorar as causas dunha fama segundo el inmerecida, como fai para desautorizar o enalzamento de Pondal. Di que as causas do seu éxito se reducen a dúas: o bo xuízo que lle mereceu a Pardo Bazán e que proviña dun eloxio que el mesmo lle fixera á literata, e a escuridade dos seus versos, que dificulta tanto a comprensión como a crítica dos mesmos. Precisamente Pondal é un dos exemplos que María López-Sández (2008) utiliza, nun artigo sobre a importancia da recepción no impacto social do texto literario, para referirse ao cultismo que afasta a certos autores da recepción masiva, autores que son catapultados á fama, non obstante, por cuestións institucionais. Vemos aquí ao Pedreira crítico denunciando un xeito de proceder que pode dar preeminencia a figuras que segundo el, e desde o punto de vista máis estritamente estético, non a merecen. Na mesma liña de traballo sobre o canon introduce o autor afirmacións sobre certas composicións que considera que están chamadas a formar parte das antoloxías da literatura galega no porvir. Tómallo así o pulso ao canon, preconfigúroo, contribúe a darlle forma.

A recepción coetánea de ‘El Regionalismo en Galicia (estudio crítico)’

Centrémonos agora na recepción do libro que popularizou a Pedreira na vida literaria do seu tempo e que escureceu o seu legado *a posteriori*. Xa vimos o que anotaban os seus alumnos nos *Datos biográficos*, parémonos agora nas críticas que el mesmo reseña. Das catro críticas que el cita no libro, só podemos localizar dúas, a de José Barreiro en *Galicia. Revista Regional*, e a asinada como ‘El Bachiller Sásk’, que Pedreira identifica con Manuel Casás, en *La Voz de Galicia*. Reprodúzamos a nota na que dá conta das críticas recibidas, de interese polo que di e polo xeito en que o di:

89. Todos los ataques que se me han dirigido con motivo de mis trabajos sobre El Regionalismo en Galicia proceden de gentes sin ilustración, casi invisibles desde las alturas de mi desprecio, y que, en buena cuenta, no merecen, por sus artículos, ni la nota de aprobados en retórica. Citaré, como curiosidad bibliográfica, los dos artículos de D. José Barreiro en la revista Galicia (Coruña, Mayo y Junio de 1893); el de D. Manuel Casás, publicado en La Voz de Galicia (La Coruña 10 de Marzo de 1893), y el de D. Galo Salinas, en el Diario de Avisos (La Coruña 15 de Enero de 1893). También aludió a mis artículos Blanco y Negro, revista ilustrada (Madrid 27 Mayo 1893), un escritor revolucionario que tiene la nariz y las intenciones torcidas de resultas de meterlas noche y día en los anales de Ruiz Zorrilla (Pedreira 1894: 298-99).

Ambas críticas son moi ilustrativas do clima xerado por *El regionalismo en Galicia*. A de Barreiro confórmana dous artigos en dous números consecutivos da revista *Galicia* titulados 'Nuestros críticos I y II', e o que chama atención deles é que se centran case exclusivamente nun só crítico, Leopoldo Pedreira, a quen acusa, desde o comezo, de ser un crítico arbitrario, de escribir con graves erros de sintaxe e léxico e de atacar figuras, coma a de Añón, que 'es hoy un símbolo y una bandera en torno de los cuales se agrupan los secuaces del regionalismo' (Barreiro 1893: 711). Pola súa parte, a crítica de Manuel Casás, logo dunha disertación sobre a importancia de evitar a crítica compracente para frear a proliferación de enxendros na literatura galega, acusa a Pedreira de ser un monicreque de Sánchez Moguel para vingarse de Murguía polo seu gran discurso sobre o rexionalismo. Coloca así *El regionalismo en Galicia* no horizonte interpretativo que lle corresponde, no dos discursos rexionalistas e antirrexionalistas que invadían o panorama das letras naquel momento e que xeraban un clima de rivalidade entre os representantes dun e doutro bando.

Lido o ingreso na Academia da Historia de Sánchez Moguel (de decembro de 1888), recoñécese a conexión íntima entre as ideas do mestre e as de Pedreira, expresadas por ambos dun xeito similar. Esa semellanza e a polémica aberta entre rexionalistas e antirrexionalistas, así como os dardos cruzados publicamente por Sánchez Moguel e Murguía, dan pé certamente a ese tipo de acusación. Non obstante, os argumentos do mestre que Pedreira corrobora e reproduce restrínxense todos aos ámbitos histórico e político, e mesmo neste plano non hai unha identificación total entre as ideas de ambos, como remarca Pedreira cando ao referirse á necesidade dunha organización rexional, anota que aquel 'peca también de absoluto en sus afirmaciones antirregionalistas' (Pedreira 1894: 283). Noutra orde de datos, non nos consta que Sánchez Moguel investigase a fondo a literatura galega, como fixo coa española, da que impartiu clases, mentres que o núcleo de *El regionalismo en Galicia*, e a base da súa importancia como obra concreta, é o seu tratamento da literatura. Pode argumentarse aínda en contra do servilismo atribuído a Pedreira esta afirmación:

Respeto y quiero mucho á mis maestros; pero por honra de ellos y dignidad mía no ocultaré nunca las divergencias de opinión que de ellas me separen. TODO MINISTERIALISMO ME REPUGNA; PERO EL MINISTERIALISMO DE CÁTEDRA ME IRRITA, PORQUE ATACA LA HONRADA INDEPENDENCIA DEL ALUMNO Y PROSTITUYE LA MAJESTAD DE LA CIENCIA (Pedreira 1894: 283).

Esta afirmación podería confundirse cunha *excusatio non petita* de non ser polo contexto que a dota de autoridade. Forma parte do último capítulo do libro, no que se desbotan ideas forza do rexionalismo e se expoñen os diversos tipos de antirrexionalismo que coñece o autor. Desmárcase unha a unha desoutras tendencias e expresa as discordancias con cada un dos seus mestres para concluír afirmándose nun antirrexionalismo específico e particular representado por el mesmo que denota un individualismo difícil de asimilar a ningún maxisterio.

Retomando as críticas publicadas sobre os textos de Pedreira, a recensión do libro en tanto que publicación conxunta que sae no Boletín Bibliográfico da *Revista Contemporánea* en maio de 1894, asinada por E.F., resalta os valores excepcionais de Pedreira como crítico e tan só lle censura a rudeza de certos ataques persoais dos que di, non obstante, que seguen as modas da época.

Fóra destas críticas do libro, aínda temos outros indicios e constatacións do rexeitamento que Pedreira xeraba nos círculos rexionalistas. Dísenos no propio libro que Curros Enríquez se negou a darlle información biográfica, algo que o autor achaca a que desconfiara da súa imparcialidade e competencia para xulgalo (Pedreira 1894: 295). Máis indicativa aínda da exclusión susodita é a censura exercida por Xesús Rodríguez López sobre o prólogo que Pedreira escribira para a segunda edición da súa obra *Cousas de mulleres* (1895). O poeta admite que modificou ese prólogo ‘por temor a las iras de los aludidos no contra él sino contra mi obra’ (Rodríguez López 1996: 55). O prólogo orixinal incluía unha mofa a certas comparacións hiperbólicas de autores galegos con outros foráneos feitas por críticos rexionalistas para importar capital simbólico. Trátase dunha desautorización moi na liña do autor que é ao mesmo tempo unha desautorización dos críticos que sustentan esas comparacións e un rebaixamento dos autores implicados. As prevencións de Rodríguez López son moi esclarecedoras do clima de rexeitamento dos rexionalistas cara unha figura que non comun-gaba coa compracencia dos críticos rexionalistas cara a todo aquilo que puidera engordar e fortalecer o canon en elaboración e que tampouco se preocupaba de espertar simpatías no bando antirrexionalista.

A exclusión de Pedreira da comunidade crítica e historiográfica que estaba xestionando os valores canónicos da literatura galega parte polo tanto de dúas causas: o seu cuestionamento do canon en elaboración e a súa ideoloxía antirrexionalista. Ambos motivos levaron a que os axentes literarios rexionalistas fixeran o posible por excluílo como interlocutor autorizado na súa construción canonizadora, imagolóxica e rexionalista da literatura galega, ao fin, o que Pedreira pretendía era precisamente establecer un diálogo con estes axentes, mentres que eles o exclúen do proceso e poden asimilar o seu discurso ao doutros autores cun capital simbólico maior, como Sánchez Moguel (Murguía respóndelle a este, por exemplo, pero non a Pedreira). No tocante ao seu cuestionamento do canon atopámonos novamente de fronte coa idea de tradición. Pensamos na tradición como algo homoxéneo, sen fisuras, ou cando menos sen grandes contradicións internas. É o mesmo que acontece cos presuntos alicerces dunha nación. Trátase de que a sociedade asimile unha idea común do que vén ser esa nación ata recoñecerse na imaxe creada e que esta pareza unha descrición de algo preexistente. E cando falamos deste tipo de facturas identitarias e imagolóxicas, do propio canon literario ou da tradición literaria sempre pensamos nese xeito homoxéneo, sen contradicións, porque toda imaxe ou construto identitario busca ser cohesionador dos seus integrantes.

Se extrapolamos esta idea, aquí aplicada á tradición literaria, á tradición da historiografía literaria galega obteremos o mesmo resultado. Concederlle estatuto interlocutor na elaboración do canon a Pedreira, citalo e dar a coñecer a súa obra sería un xeito de aumentar a visibilidade da súa achega, de publicitalo: concederlle unha voz, mesmo en diferido noutras obras suporía, en suma, un xeito de 'proliferación indirecta' do seu labor (López Sández 2008).

No extremo oposto, assimilar este autor e a súa obra aos discursos de Sánchez Moguel e Pardo Bazán derivaba nunha invisibilización a medio e longo prazo. Anótese, como complemento do anterior, o feito de que se a sociedade está artellada en discursos que se cruzan, e é relevante a efectos de análise cal é o discurso hexemónico do momento (neste caso o político); a produción das obras vén condicionada por eses cruces discursivos. Só así se entende a publicación dentro de obras dedicadas ao rexionalismo de amplos estudos literarios, coma no caso de Pedreira ou, aínda que non é comparable, no de Alfredo Brañas. Pois do mesmo xeito que eses cruces discursivos inflúen na produción da obra, tamén o farán, necesariamente, na recepción da mesma. A ideoloxía antirrexionalista de Pedreira sería, segundo todos os indicios, o motivo central de exclusión do autor como partícipe da creación da historia da literatura galega. Os seus xuízos quedarían adscritos a un autor contrario á ideoloxía dominante entre os críticos da literatura galega, e por iso, desbotados. Só acaban sendo admitidos a diálogo os xuízos de persoas cunha posición moi forte no espazo cultural, como a de Pardo Bazán. Condenado á marxinalidade, Pedreira nin sequera intentou buscar aliados antirrexionalistas, porque entre eles estaría unha autoridade como ela, pero tamén a ataca no libro. Converteuse así no excluído por antonomasia do diálogo intertextual entre as obras historiográficas e críticas coetáneas, tan só recoñecido como fonte primaria polo padre Blanco. Outros autores cítano sen darlle maior importancia á súa obra ou adscribendo de xeito case anecdótico ás polémicas rexionalistas. Uxío Carré Aldao (1903), Antonio Couceiro Freijomil (1928), Benito Varela Jácome (1951 e 1957) ou Ricardo Carvalho Calero (1955 e 1963) cóntanse entre os que o citan nalgún momento, sen proseguir no entanto ningunha das súas achegas e sen establecer un diálogo efectivo con el, condenándoo a non ser máis que un nome nunha nota de rodapé.

Conclusiones

Leopoldo Pedreira foi un estudoso que puido facer avanzar exponencialmente os métodos e o pensamento teórico na investigación historiográfica galega do XIX e comezos do XX, pero que a endogamia da crítica conseguiu ocultar. A súa voz postulaba un debate en torno ao canon, unha retroalimentación entre o estudoso da literatura e as críticas ao seu traballo, a filiación ideolóxica do propio discurso, un particular estilo argumentativo (con aspectos positivos e negativos de todo, con man aberta para a acuñación de neoloxismos, con ironía) e expositivo (moldeado pola sátira). Pero a pesar de todo o que tiña de novo a súa proposta, de todo o seu potencial renovador, o seu ámbito de relacións non abondou para dotalo de autoridade alén da intervención coetánea. Nos círculos antirrexionalistas non puideron impulsar a súa capacidade de influencia porque o que el pretendía era un diálogo crítico cos creadores do discurso rexionalista, que o excluían de tal posibilidade e que nin se molestaban en rebatelo, condenábano á invisibilidade

*Leopoldo Pedreira Taibo,
intuición historiográfica e
virulencia crítica*

Lorena Domínguez Mallo

de filialo a Sánchez Moguel ou Pardo Bazán, dúas persoas de longa sombra; mentres que, simultaneamente, nos círculos rexionalistas o excluían polo seu antirrexionalismo declarado, invisibilizado no seo desoutros maxisterios xa citados, sen querer darlle a oportunidade dese diálogo. Non deixa de ser significativo que o único persoeiro que lle outorga un papel de auténtica preponderancia no seu libro non sexa galego. A ideoloxía, obviamente determinante na produción dunha obra, vemos que o é tamén na súa recepción e impacto. Os indicios de negación de información ou de censura de escritos son só unha parte do que puido ter lugar. A súa asimilación a outros discursos deveu invisibilidade, ao fin e ao cabo outros antirrexionalistas como Sánchez Moguel ou Pardo Bazán non pretendían, como el, inserirse na cerna da construción do discurso diferencial da literatura galega, abonáballes con manter baixo control as pretensións dos rexionalismos periféricos. As aspiracións de Pedreira e as súas capacidades foron borradas, sen deixar apenas pegada, da historia. E, non obstante, o xeito de escribir de Pedreira e parte da súa metodoloxía serían recuperables hoxe, por exemplo, no eido da revisión do canon, un proceso aberto por moitas correntes novas e que pode alimentarse tamén da agudeza deste autor.

Este artigo amosa unha característica do proceso de constitución dunha tradición: a exclusión do diverxente, a homoxeneidade intrínseca á súa elaboración. E, no entanto, as contradicións internas poderían ser as táboas de salvación dunha disciplina, a historia literaria, que vén atravesando unha crise desde os anos setenta do pasado século. A admisión da historia da literatura e do canon como discursos ideolóxicos, froito dun proceso de construción e interpretación do que se quería ser por parte dunha elite autorizada e endogámica, permitiría a renovación real e dinámica da disciplina, por canto o poder e a necesidade de interpretación das accións humanas por parte dos estudosos é algo que nunca desaparecerá. Leopoldo Pedreira podería ser o comezo dunha contrahistoria, pero non como discurso anexado á tradición historiográfica literaria galega recoñecida, senón como material de base para a reelaboración da propia disciplina. As lecturas diverxentes que se fan concorrentes para dar unha visión aberta, suxeita a interpretación por todos os interesados.



Obras citadas

BACHILLER SÁSK (Manuel Casás), 1893. 'Soliloquios Literarios'. *La Voz de Galicia* 3501 (10 de marzo de 1893): 1.

BARREIRO MEIRO, José, 1893. 'Nuestros críticos'. *Galicia, Revista Regional* 11: maio de 1893, 659-665; 12: xuño de 1893, 705-711.

BLANCO GARCÍA, Francisco, 1894. 'La literatura regional de Galicia', en Francisco Blanco García. *La literatura española en el siglo XIX. Parte tercera: las literaturas regionales y la hispano-americana* (Madrid: Sáenz de Jubera Hermanos). 215-265.

BRAÑAS, Alfredo, 1889. *El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario* (Barcelona: Jaime Molinas Editor).

CALVO LÓPEZ, Manuel, 1996. 'Introducción', en Rodríguez López, Xesús (1895). *Cousas das mulleres*. Edición facsímile comentada (Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial de Lugo).

CARRÉ ALDAO, Uxío, 1903. *La literatura gallega en el siglo XIX* (A Coruña: Librería Regional de Carré).

CARVALHO CALERO, Ricardo, 1955. *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea* (Madrid: Gredos).

—, 1963. *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)* (Vigo: Galaxia).

CASAS, Arturo, 2010. 'Iuri Lotman y la semiosis histórica ante el historicismo (Un debate europeo del siglo xx)'. *Interlitteraria* 15 (1): 21-42.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, 1928. 'El idioma gallego', en F. Carreras y Candi, dir. *Geografía general del reino de Galicia. Tomo I: Generalidades* (Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín). 161-327.

—, 1951-1953. *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos). Vol. III: 54-55.

E.F., 1894. 'El Regionalismo en Galicia, estudio crítico, por D. Leopoldo Pedreira'. *Revista Contemporánea* 444: 440-441.

FIGUEROA, Antón, 2010. *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Ames: Laivento).

JAUSS, Hans Robert, 1967. 'La historia literaria como desafío a la ciencia literaria', en Hans Ulrich Gumbrecht et al., eds. *La actual ciencia alemana: seis estudios sobre el texto y su ambiente*, traducción de Hans U. Gumbrecht & Gustavo Domínguez León, 1971 (Madrid: Anaya).

LEFEVERE, André, 1997. *Traducción, reescritura y la manipulación del canon literario* (Salamanca: Ediciones Colegio de España).

LÓPEZ SÁNDEZ, María, 2008. 'A importancia dos fenómenos de recepción para o impacto social do texto literario. Dous casos paradigmáticos da literatura galega: Rosalía de Castro e Otero Pedrayo'. *Liquids* 2. <http://www.uv.es/liquids/articles/MariaLopezSandez.pdf>. [Consulta 05/11/2012].

MURGUÍA, Manuel, 1862. *Diccionario de Escritores Gallegos* (Vigo: Juan Compañel Editor).

_____, 1889. *El Regionalismo Gallego*. Ligeras observaciones por Manuel Murguía al discurso leído por el señor D. Antonio Sánchez Moguel en su Recepción en la Real Academia de la Historia de Madrid (Habana: Imprenta y Papelería 'La Universal' de Ruiz y Hno).

PARDO BAZÁN, Emilia, 1888. *De mi tierra* (A Coruña: Tipografía de la Casa de Misericordia).

PASAMAR ALZURIA, Gonzalo & Ignacio PEIRÓ MARTÍN, *Diccionario Akal de historiadores españoles contemporáneos (1840-1980)* (Tres Cantos, Madrid: Akal): 471.

PEDREIRA, Leopoldo, 1892-1893. 'El regionalismo en Galicia'. *Revista Contemporánea* 400-406 (30 xullo-30 outubro 1892), 409 (15 decembro 1892), 427 (16 setembro 1893), 430 (30 outubro 1893).

_____, 1894. *El regionalismo en Galicia (estudio crítico)* (Madrid: Establecimiento tipográfico de La Linterna).

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Xesús, 1895. *Cousas das mulleres*. Prólogo de Leopoldo Pedreira (Madrid: Imprenta de Ricardo Rojas).

SÁNCHEZ MOGUEL, Antonio, 1888. *Discursos leídos ante la Real Academia de la Historia en la recepción pública de D. Antonio Sánchez Moguel* (Madrid: Imprenta de la viuda de Hernando y c^a).

TAINÉ, Hippolyte, 1963. *Introducción a la Historia de la Literatura Inglesa* (Buenos Aires: Aguilar) [Traducción de J.E. Zúñiga da Introducción da súa *Histoire de la Littérature Anglaise* publicada en 1864].

TORRES, Elias, 2002. 'Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génesis da súa centralidade no campo da crítica literaria', en Teresa López e Francisco Salinas, ed. *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século* (A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega e Universidade da Coruña): 31-66.

VALDÉS, Mario, 2005. 'Historia de las culturas literarias. Alternativa a la historia literaria', en Beltrán Almería, Luis e José Antonio Escrig, comp., 2005. *Teorías de la historia literaria* (Madrid: Arco): 123-218.

VARELA JÁCOME, Benito, 1951. *Historia de la literatura gallega* (Santiago de Compostela: Porto y Cía Editores).

_____, 1957. 'La prosa en Galicia en el siglo XIX', en Guillermo Díaz Plaja, dir. *Historia General de las Literaturas Hispánicas* (Barcelona: Barna). Vol. IV, 2^a parte, 385-422.

*Leopoldo Pedreira Taibo,
intuición historiográfica e
virulencia crítica*
Lorena Domínguez Mallo

VV.AA., 1915. *Datos biográficos de D. Leopoldo Pedreira Taibo*. Publicados por iniciativa de un grupo de alumnos, como homenaje a la memoria del llorado maestro (A Coruña: Talleres Gráficos de La Voz de Galicia).

WHITE, Hayden V, 2003. *El texto histórico como artefacto literario y otros escritos* (Barcelona: Paidós).

ŻYLKO, B., 2006. 'La semiótica de la historia en los trabajos del grupo Tartu-Moscú. Entretextos. *Revista electrónica semestral de Estudios semióticos de la cultura*: 6 <http://www.ugr.es/~mcaceres/Entretextos/entre7/zylko.htm> [Consulta 29/05/2010].